



O teu Concello infórmate

Este ano 2014 que se nos vai foi duro e difícil, fundamentalmente debido ás consecuencias nefastas das políticas de recortes que nos impuxo o goberno do Estado.

O afán de conter o déficit a toda costa, provocou que os concellos como Paderne, que cumprimos e temos unhas contas saneadas, teñamos que sacrificarnos en beneficio dos que gastaron o que non tiñan.

En Paderne temos un superávit que non podemos gastar; é dicir, temos uns ingresos dos que non podemos dispoñer para obras e servizos que dean traballo ás familias, mellorando así o benestar de tódolos veciños.

E todo, como consecuencia da aplicación da Regra do Gasto do Ministro Montoro que permite que os novos ingresos medren nunha contía máis grande da que poden medrar os nosos gastos, co cal temos un superávit que, por imperativo legal, non se pode dedicar a gastos non financeiros. Polo tanto, aínda non debendo nada, como é o caso do noso Concello, non podemos gastalos en servizos para todos.

Paderne empezará o vindeiro 2015 sen DÉBEDAS, con remanente de tesourería POSITIVO e con LIQUIDEZ nas súas contas para encarar o ano novo con Esperanza.

Desde o Equipo de Goberno que teño a honra de presidir, desexamos que a saúde e o traballo para todos sexa froito desa ESPERANZA e nos axuden a ser felices nestas Festas de Nadal.

Unha aperta do voso Alcalde



Presentación das Actividades

Coa asistencia da maior parte das persoas inscritas nas actividades comezou o acto no que o Alcalde realizou a presentación da nova oferta para este curso 2014-2015.

Acompañado pola Concelleira de Educación, Cultura e Xuventude e polos monitores encargados de impartir os distintos talleres, comeza esta etapa na que se intruducen, como novidades, as clases de costura, a danza do ventre e as clases de cociña.

Séguese mantendo actividades como o baile, as manualidades e pintura, a cestería, pilates, informática, ximnasia de mantemento e memoria, facilitando así unha gran variedade de posibilidades para que tódalas persoas teñan opcións dependendo das súas inquietudes e posibilidades.

Visita ó Obradoiro de Emprego

Os Alcaldes de Paderne e Miño, César Longo e Jesús Veiga, exerceron de anfitrións na visita que a delegada territorial da Xunta na provincia, Belén do Campo, e a xefa territorial de Traballo e Benestar, Pilar Caridad, realizaron este día 13 de novembro ós vinte alumnos e alumnas que se están a beneficiar do Obradoiro de Emprego que desenvolven conxuntamente os concellos de Paderne e Miño.

Cunha inversión de 177.668 €, os participantes obteñen formación sobre instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes acompañando con labores de interese para a comunidade.



Os alcaldes de Paderne e Miño xunto coa delegada territorial e a xefa territorial da Xunta durante a visita.



As Concelleiras de Servizos Sociais e Muller acompañando ó Alcalde durante o acto.

Xornada sobre a Violencia de Xénero

O Centro de Maiores de Paderne foi o escenario no que se desenvolveu esta xornada do 25 de novembro. Presidida polo Alcalde acompañado polas Concelleiras de Servizos Sociais e Muller contou coa asistencia dun cento de persoas que viñeron a solidarizarse con esta loita.

O acto contou tamén cunha representación en clave de humor que sacou un pouco de dramatismo e este problema así como coa participación dunha veciña que creou un poema para a ocasión.

I Encontro entre Empresas e Concellos

O Alcalde participou na xornada inaugural do I Encontro entre Empresas e Concellos promovido pola Deputación da Coruña que se celebrou o pasado 26 de novembro en Expo Coruña. Co obxectivo de ser un foro de intercambio de servizos e necesidades entre os profesionais de diversos sectores, foi creada esta plataforma como vía de intercambio e dinamización facilitando a interacción entre os sectores da sociedade.

O noso Alcalde co Alcalde de Mesía, o Presidente da Deputación, o Vicepresidente da Xunta e o Alcalde de A Coruña antes de entrar á xornada



Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal

Por resolución de alcaldía, veñen de aprobarse as obras incluídas no Plan Marco: "Programa de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal" financiado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

Por un importe total de **80.858,25 €**, os camiños que se van a beneficiar destas melloras son os seguintes:

Na parroquia de Vigo: Camiño do Barreiro, Camiño da Veiga a Pazos do Outeiro, Camiño da Perdiz, Camiño de Esperela, Camiño de Pena (Transformador) en San Mamede e Camiño de Cruceiro - Os Carballos en San Mamede.

Na parroquia de Adragonte: Camiño da estrada provincial-A Fraga-Estrada do Ourovello

Plan de Obras e Servizos 2015. POS – 2015

No Pleno de data 24 de novembro de 2014, aprobouse a inclusión no Plan de Obras e Servizos 2015 (POS 2015) da Deputación da Coruña a mellora das seguintes vías:

Na parroquia de Viñas: Camiño do Hormeiro-Ponte de Lambre e Camiño N-651-Trasmil

Na parroquia de Vigo: Camiño de Cruceiro-Bión, Camiño Cruceiro-Os Carballos II e Camiño Fonte-Vilaxurxo

Na parroquia de Adragonte: Camiño dos Caseiros-Casal
Mellora do camiño Santo Estevo-Vilamourel-Costa de Lucas

Todo por un total de **82.103,30 €**.

Financiamento de gastos correntes por un total de **53.735,50 €**

Axudas a concellos incluídos Na Rede Natura 2000

O Concello de Paderne ven de obter unha axuda de **15.320,93 €** a través das axudas a Concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

O seu fin é a limpeza de cunetas e o acondicionamento dos seguintes camiños incluídos na Rede Natura:

Na parroquia de Viñas comprende a limpeza de cunetas dos seguintes camiños: Camiño da Modia, Camiño da fonte de Ínsua e Camiño de Tixoso

Na parroquia de Souto a limpeza de cunetas do seguinte camiño: Camiño do Ponto

Na parroquia de Vilamourel a limpeza de cunetas e acondicionamento de: Camiño de Teixeira a Chelo

Co fin de seguir preservando a nosa riqueza natural e de que os veciños disfruten deste entorno de gran beleza.

Tratamentos preventivos

O Concello de Paderne ven de solicitar a sinatura dun convenio coa Consellería do Medio Rural e do Mar para a participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de **tratamentos preventivos** en vías e camiños de titularidade municipal.

As labores consistirán en realizar tratamentos silvícolas de xeito mecanizado nas vías e camiños e nas súas faixas de xestión de biomasa como medida de prevención e control dos posibles incendios ademais de facilitar a actuación dos medios de defensa en caso de necesidade.

Aula da Ría

O Concello de Paderne ven de recibir unha axuda de **14.058,09 €** da Consellería do Medio Rural e do Mar cofinanciada polo Fondo Europeo de Pesca.

Esta axuda, solicitada para desenvolver o proxecto “Paderne e a cultura mariñeira”, enmárcase dentro dos proxectos presentados a través do Grupo de Acción Costeira GAC 2 – Golfo Ártabro, do que o Alcalde é Vice-presidente. O seu obxectivo é o desenvolvemento dun programa educativo na “Aula da Ría de Betanzos” que implique a toda a poboación e consolide estas instalacións como un recurso turístico para Paderne e os concellos limítrofes fomentando os valores culturais e naturais asociados á Ría de Betanzos coa difusión do seu patrimonio.

Recompilación de fotos antigas relacionadas coa Ría

O Concello de Paderne, a través da súa Aula da Ría, está a recompilar fotos antigas relacionadas con este entorno e os seus activos e labores. Nunha zona tan rica como a nosa na que se desenvolveron tantos traballos relacionados coa ría e que xerou riqueza comendo moitas familias do que nela se producía, ten que gardar recordos moi importantes que debemos mostrar ás novas xeracións e gardar como un tesouro para o futuro; así, pedimos a colaboración de todos para poder facer copias de fotos pescando, mariscando, de embarcacións, aparellos utilizados para traballar; todo aquilo que teña relación con este entorno.

Toda persoa que teña algún material deste tipo e queira colaborar, pódese poñer en contacto coas oficinas municipais ou a través do seguinte enderezo: auladaria@gmail.com

Recoñecemento de competencias profesionais

Está aberto o prazo para a inscrición no procedemento de recoñecemento da competencia profesional en:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSC089_2): 598 prazas
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSC320_2): 562 prazas
- Servizos para o control de pragas (SEA028_2): 50 prazas
- Xestión de servizos para o control de organismos nocivos (SEA251_3): 50 prazas
- Socorrismo en espazos acuáticos naturais (AFD340_2): 200 prazas
- Socorrismo en instalacións acuáticas (AFD096_2): 300 prazas
- Información xuvenil (SSC567_3): 50 prazas
- Extinción de incendios e salvamento (SEA129_2): 100 prazas
- Transporte sanitario (SAN025_2): 200 prazas

Prazo de presentación: 05/12/2014 – 03/01/2015

Pagos das actividades de adultos

Os pagos das actividades fanse efectivos no banco e en dúas veces; a primeira en **xaneiro** a última en **xuño**.

Están suxeitas a pago as seguintes actividades: **INFORMÁTICA – CESTERÍA – MANUALIDADES E PINTURA – BAILES DE SALÓN – PILATES – COCIÑA – COSTURA e DANZA DO VIENTRE.**

As actividades de **XIMNASIA DE MANTEMENTO, MEMORIA e INGLÉS** non se abonan.

Custo para as actividades dunha hora á semana			Custo para as actividades de hora e media á semana			Custo para as actividades de dúas horas á semana		
Nº actividades	1ª cota	Total curso	Nº actividades	1ª cota	Total curso	Nº actividades	1ª cota	Total curso
1 actividade	27 €	54 €	1 actividade	30 €	60 €	1 actividade	32 €	64 €
2 actividades	49 €	98 €	2 actividades	55 €	110 €	2 actividades	59 €	118 €
3 actividades	66 €	132 €	3 actividades	75 €	150 €	3 actividades	81 €	162 €

As **Actividades Extraescolares, son GRATUÍTAS**; o Goberno Municipal mantén o firme obxectivo de axudar ás familias contribuíndo á educación dos rapaces facilitando as clases de **inglés e informática** así como as **actividades deportivas** nunha aposta por fomentar os valores educativos e formativos como piares básicos da nosa sociedade.

Campaña de Esquí 2015

O Alcalde mandou información a tódolos rapaces nados nos anos 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 sobre a Campaña de Esquí que este ano se vai a realizar na estación invernal de Manzaneda, en Ourense.

Os rapaces asistentes aboarán unha cota de 60 € na que está incluído o transporte, estadia e manutención en hotel na propia estación, monitores, clases de esquí, seguros, alugamento de todo o material necesario para o desenvolvemento da actividade, remotes mecánicos e todo o gasto que ocasionen as actividades e cursos que se leven a cabo.

Os rapaces de Paderne correspóndelles ir na cuarta quenda que é do 20 ó 22 de febreiro entrando o venres antes da cea e saíndo o domingo despois da comida.

Aulas de conciliación nas vacacións de Nadal

Nestas vacacións de Nadal as familias de Paderne con menores de entre 3 e 12 anos, teñen a posibilidade de contar novamente cun servizo que o Concello pon á súa disposición co fin de facilitarlles a conciliación da vida laboral e familiar.

O Alcalde considera de gran importancia poñer os medios necesarios para o coidado dos menores e as súas familias nun momento no que as prestacións se ven tan reducidas axudando así ó seu benestar.

Comezará a funcionar a partires do 22 de decembro durante todo o período do Nadal. Poden solicitalo as familias cuxos proxenitores traballen e estean empadroados no Concello. Os interesados teñen para inscribirse ata o día 19.

As actividades que se van a realizar irán en consonancia co período vacacional.

Excursión á Casa do Patrón e ó Pazo de Liñares

O Programa "Paderne en Familia" realiza a primeira saída de este ano o día 11 de xaneiro ó municipio de Lalín para visitar, si o tempo o permite, a Fraga de Catasós, a Casa do Patrón e o Pazo de Liñares. Ás 8 da mañá os autobuses comezarán a recoller ás persoas polas distintas parroquias; poderán asistir as persoas empadroadas no Concello de Paderne cunha aportación por persoa de 25 €. Os interesados poden inscribirse chamando ás oficinas municipais ata o mércores anterior á saída. As prazas son limitadas.

Programación de Nadal

FESTA DO NADAL.- O Concello organiza unha festa de Nadal para os pequeniños das escolas de Educación Infantil o día **17 de decembro**. Ás 11:00 horas unha divertida función de teatro para os pequeniños dará paso á visita de Papá Noel que se achegará a recoller as cartas deles ata Paderne.

CONCERTO DE NADAL.- Será o día **22 de decembro** ás 20:00 horas no Salón de Sesións da Casa do Concello. O músico Federico Álvarez será o encargado de dirixir este clásico das datas do Nadal.

CONCERTO DE FIN DE ANO.- Este concerto será o día **29 de decembro** ás 20:00 horas no Salón de Sesións da Casa do Concello. Neste caso será Mijail Moriatov quen, coa súa música despida a programación cultural do ano en Paderne.

Inspección Técnica de Vehículos Agrícolas

Do 23 ó 30 de decembro realizarase a inspección técnica de vehículos agrícolas no campo de O Telleiro, en Paderne. Os interesados poderán pedir cita anticipada para poder pasar a revisión dos seus vehículos chamando ó teléfono 902 30 90 00 ou na páxina web: www.sycitv.com. As horas que vai a estar esta servizo en Paderne son de 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 h.

Cabalgata de Reis 2015

O día **4 de xaneiro** ás 14:30 h. está prevista unha recepción na Casa do Concello con motivo da visita das Súas Maxestades. Despois de ser recibidos polo Alcalde pasarán, xunto coa Comitiva Real, a facer o percorrido por tódalas parroquias de Paderne antes da chegada ó polideportivo municipal ás 18:45 h. O Alcalde, xunto co Equipo de Goberno, desprazaranse ata alí para recibilos e participar, xunto con todos aqueles que este día acudan, da ilusión e a maxia desta tradición.

Ademais de poder saudar ós Reis e darlles as cartas, está programado un espectáculo para nenos como remate deste día de festa.

Este día haberá agasallos para os participantes no "**Concurso de fotografía e debuxo**" no que poden participar tódolos rapaces e rapazas de entre 8 e 12 anos (na modalidade de fotografía) ou entre 3 e 12 anos (na modalidade de debuxo). Todos deben estar empadroados no Concello de Paderne. Os traballos entregaranse na Oficina Municipal de Información Xuvenil ata o día **19 de decembro**.